Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/11
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- Casa do Concello, luns 29 de decembro de 2025 -

No día da data, ás 12:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAÁ XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GÓMEZ
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA

AUSENCIAS:
Xente de Dodro
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. POS ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026.
ç2. PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 4/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bos días. Iniciamos o pleno extraordinario do día de hoxe."*

1. POS ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026

Procédese co seguinte punto da orde do día que a continuación se transcribe se xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2025/A008/000040
ASUNTO: SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2026 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026
TRAMITE: PROPOSTA ACORDO – PLENO

Solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 1/2026" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Logo de ver que o Pleno da Deputación da Coruña en data 28 de novembro de 2025 acordou a aprobación das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2026" - BASE 12. - POS+ADICIONAL 1/2026 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026 (BOP da Coruña núm. 231 do martes 2 de decembro de 2025).

Logo de ver a ASIGNACIÓN FONDOS A CONCELLOS POS+AD 1/2026 ACHEGA 2026 EXTRAORDINARIA GASTOS SOCIAIS pola que lle corresponderían ao Concello de Dodro 37.589,28€.

Logo de ver o informe de Servizos Sociais así como o informe de Secretaría-Intervención, sendo do interese do Concello participar na citada convocatoria, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 1/2026"** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Secretaría-Intervención do Concello, segundo se

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

indica a continuación:

-Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2026:
37.589,28€.

-Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios:
37.589,28€.

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta Deputación)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(C=A-B)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.			0,00 €
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.	634.752,00 €	406.697,27 €	228.054,73 €

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia.			0,00 €
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos: servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.			0,00 €
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario			0,00 €
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais			0,00 €
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €
TOTAL GASTOS CORRENTES Estes importes totais deben reflectirse no acordo plenario (ANEXO XV)	**634.752,00 €**	406.697,27 €	228.054,73 €

Segundo.- Facultar expresamente a esta Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Terceiro.- Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"É unha petición a Diputación da Coruña, porque, se solicita como POS social, 37.589,28 euros. Bueno é o habitual este ano e todos os anos que concede a Diputación, para gastos sociais. Voulle dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, bo día. Destínase ao servicio de axuda no fogar, de atención, de carácter básico, na modalidade de dependencia e son eses 37.589,28 euros. Que ven a ser, como axuda aos gastos que temos durante o ano."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si. Bueno, é a opción que presenta aquí o goberno do Partido Socialista, froito da política errática que está levando dende o seu inicio. Estamos falando do... de gastos sociais do exercicio 2026, aínda non temos os orzamentos do ano 2026.*

O normal sería que nestas datas, xa tiveramos un orzamento previsto, do que se pretende facer no ano 2026. Pero como ven sendo norma xeral para o goberno socialista... Nunca presenta os orzamentos en tempo e forma. Entonces, pois, esto deberíase enmarcar nunha acción global, anual e non de xeito exclusivo e a parte, fora de todo... da globalidade que supón o orzamento, o orzamento anual.

Xa decimos, esto onde debería estar enmarcado, dentro dun plan de integración social de todo o ano. E como carecemos desa información, desa documentación, pois que dúbida cabe que, non podemos apoiar o que sería, unha política que como dicimos, ven sendo errática dende o seu inicio. E polo tanto, neste punto, imos votar en contra."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Xa me estrañaba a min. Portavoz do Partido Popular"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Bueno, o gasto vai para... para os nosos dependentes, para os nosos maiores e consideramos que é acertado. Todo o que sea para servizos sociais e para os nosos dependentes, imos a votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, vale. Boas festas a todos. Bueno, é máis ou menos, o que se fai todos os anos, o que se pide á Diputación. Bueno da Diputación, para eso. Non hai moito máis que decir. Imos a votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Moi bos días. Pois, no sentido dos anteriores portavoces, tamén. Nós imos a votar a favor, porque consideramos que unha achega importante, insuficiente sempre, pero, pero que si que vénlle moi ben para a área de Servizos Sociais. Polo tanto vamos a votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas gracias. Pois procedemos a votación si vos parece."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese a continuación á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

2. PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 4/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2025/A008/000031
ASUNTO: 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 4/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARTICIPAR NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 4/2025

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión que tivo lugar o 3 de outubro de 2025, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

O importe da achega provincial asignada a ese concello neste POS+Adicional 4/2025 é o que figura na seguinte táboa:

CONCELLO	POS+ADICIONAL 4/2025
Dodro	104.132,31

Logo de ver que o POS+ Adicional 4/2025 aprobarase en dúas fases e que na 1ª fase incluiranse unicamente gasto corrente ou a redución da súa débeda coa deputación pola utilización de préstamo provincial e que na 2ª fase para investimentos financeiramente sostibles.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno os seguintes acordos:

Primeiro.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamentos dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	**Financiamento dos investimentos**				
	Deputación	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)**	**Total concello**	
MELLORA RÚA NOVA EN BEXO E OUTRO	41330,15	-	-	-	41330,15
RÚA AS BARREIRAS (REVIXÓS)	37332,60	-	-	-	37332,60
MELLORA VIARIO ACCESO BUSTELO	25469,56	4.791,58	-	4.791,57	30261,14
TOTAL	104.132,31	4.791,58	-	4.791,57	108.923,89

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

Cuarto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís”

O alcalde da conta dun erro e onde di:

MELLORA VIARIO ACCESO BUSTELO	25469,56	4.791,58	-	4.791,57	30261,14
TOTAL	104.132,31	4.791,58	-	4.791,57	108.923,89

Debe dicir:

MELLORA VIARIO ACCESO BUSTELO	25469,56	4.791,58	-	4.791,58	30261,14
TOTAL	104.132,31	4.791,58	-	4.791,58	108.923,89

De maneira que a proposta corrixida é a seguinte:

“EXPEDIENTE: 2025/A008/000031
ASUNTO: 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 4/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARTICIPAR NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 4/2025

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión que tivo lugar o 3 de outubro de 2025, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

O importe da achega provincial asignada a ese concello neste POS+Adicional 4/2025 é o que figura na seguinte táboa:

CONCELLO	POS+ADICIONAL 4/2025
Dodro	104.132,31

Logo de ver que o POS+ Adicional 4/2025 aprobarase en dúas fases e que na 1ª fase incluiranse unicamente gasto corrente ou a redución da súa débeda coa deputación pola utilización de préstamo provincial e que na 2ª fase para investimentos financeiramente sostibles.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno os seguintes acordos:

Primeiro.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamentos dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	**Financiamento dos investimentos**				
	Deputación	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)**	**Total concello**	
MELLORA RÚA NOVA EN BEXO E OUTRO	41330,15	-	-	-	41330,15
RÚA AS BARREIRAS (REVIXÓS)	37332,60	-	-	-	37332,60
MELLORA VIARIO ACCESO BUSTELO	25469,56	4.791,58	-	4.791,58	30261,14
TOTAL	104.132,31	4.791,58	-	4.791,58	108.923,89

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

Cuarto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

Quinto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Aquí o Concello, estima... solicita...Danlle 104.000 euros da Diputación e Concello aportaría 4.791,58. Hai aquí un décimo que baila, un céntimo que baila, na folla que bueno, son... é a primeira cantidade, a que pon achega municipal 4.791,58, donde pon total do concello, aparece con 57 pero vamos, é un erro. Un erro de transcrición. En todo caso, o portavoz do Partido Socialista, vaille explicar as obras. Cando queiras.”*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *“Si. Bueno, o POS 2025. O primeiro, o primitivo, tivo unha asigna, ou bueno, solicitouse para gastos correntes, unha cantidade de 118.000 euros y comprendían 2 actuacións, en dúas... A rehabilitación do Centro de Artes Escénicas y o camiño da Cruz de Avelán a Teaio e outro.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Bueno, logo no complementario, no complementario se aprobou a pista... a pista do Valo do Manselle e outro que ven sendo, a do Palacio, por detrás do Palacio de Lestrobe e os camiños de Eiró e outro que tamén é de Reboiras a Tallós, tamén outro camiño. Eso foi no... na parte do complementario.

Logo houbo unha segunda fase, unha segunda fase, dende o 2, donde se incluéu a mellora da seguridade viaria en San Xoán de Laíño, parte dela, por 42.000 euros. Houbo outra que... houbo unha siguiente que foi a total redución da débeda do Concello ca Diputación, 56.799 euros. Que aquí, un voceiro de Xente de Dodro, dice que ese, esas subvencións non se devolvían, pero bueno, todo esto, vai quitando dos fondos que lle asignaban ao Concello, parte del, para el non se devolve...

Bueno, ven unha cuarta...ven unha cuarta edición, digamos, o adicional 4/2025, no que nós asignaban 104.132,31euros. Había unhas opcións, destinado a gasto corrente ou a redución da débeda. Consideramos que nesta fase, era mellor investilos en investimentos financeiramente sostibles y... tiñamos previstas unha serie de obras, unha serie de obras. Houbo que modificalas a última hora. Unha que tiña, que nos deu problemas, á hora dos terreos y decidímolas apartar.

Consecuentemente, quedamos en... optamos por estas 3:

Unha, a mellora da Rúa Nova en Bexo e outro. Esta parte, outro, é o trozo que se lle sacou a do Camiño de Avelán a outro que é en Pexegueiro, donde, para levar a cabo aquela actuación, había, según patrimonio, non podía ser en aglomerado e tiña que ser pavimentado en formigón, dado que Pexegueiro está declarado como conxunto histórico artístico. Iso supoñía, supoñía que tiñamos que gastar uns cartos maiores que o Concello non os podía asumir. Entonces, decidimos incluíla nesta, na mellora da Rúa Nova en Bexo que é a que atravesa, a que sale, digamos de frente de Vilanustre, hacia a Chan de Viña.

E logo, está a Rúa As Barreiras en Revixós que ten un estado, presenta lamentable, un pouco lamentable. Desde o cruceiro, desde a zona do cruceiro hasta arriba, hasta o que é a plaza, de todo, donde... bueno hai uns baches considerables y todos y tal... Quixerámolo meter en outro tipo de subvencións, pero a Xunta de Galicia, non nos atendeu esta petición que consideramos que era moi importante.

Y logo, ven unha demanda que están facendo os señores, os veciños de Bustelo. Non podemos acometer, realmente toda toda esa pista que vai desde Teaio a Bustelo, pero bueno, haberá que empezar por algo, non? Entonces son 420 metros da mellora da viario do acceso a Bustelo.

Todo eso, se sumamos, e hai que poñer unha pequena achega municipal de 4.791, porque eses cartos que nos quedaron, da outra actuación que queremos facer, non alcanzan o... non alcanzaban o proxecto mínimo dos 30.000, para acometer. Entonces, aumentóuselle os 4.791 euros en esta actuación que fan, un total de 108.923,89.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Iso é o que teño que decir con respecto a eso. Teño aquí os proxectos, as memorias... pero bueno, xa vostedes, tuveron acceso na convocatoria, a todos estes proxectos. Gracias."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Vamos a continuar co turno dos portavoces. Portavoz de agrupación Política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si. Se é unha vez máis, esto de facer, un pouco aquí, un pouco acolá e ao final, non facemos nada en ningún lado.*

Non sei si o que se pretende dar a... facer pensar aos veciños que están a facendo moitas cousas en moitos lados. Porque ao final, resulta que o que fai, é manchar todas as aldeas, así un pouquiño. Bueno, todas non, neste caso son 3. E facer... para despois dicir que... que fan. Pero realmente, si ven as actuacións, como están diseñadas, pois o que se pretende, o que se vai facer aquí, no caso de que as comisións que haxa polo medio, pois... permitan acabar as obras como... como corresponde, pois é esto..."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Espera un momento."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Esto é o que se dicía como parchear"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón, espere un segundiño. Que quere dicir con as comisións que hai polo medio?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Como?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que quere dicir, con esa frase que acaba de decir? Que as comisións que hai polo medio"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Quero decir o que quero dicir. As comisións que hai polo medio."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero que comisións? Non o entendo."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Usted escoite."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que comisións, non, non. Por favor, aclárello a todo o pleno. Que comisións hai polo medio?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"As comisións que hai polo medio."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero que comisións? Quen as*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cobra ou quen as paga? Dígao vostede."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Vostede o saberá."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu? Eu non sei nada. Sábeo vostede que eu non falei dese asunto eh!"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu non falei dese asunto, nin cando vostede era alcalde."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pois pregunte..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu non falei dese asunto nin cando vostede era alcalde."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pregúntelle..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero vostede, xa sei que non fala comigo de alcalde. Vostede lévame directamente ao Xulgado. Pero faime gracia que o diga nun pleno. Ahora vostede, da unha escalada máis. Xa se... Xa virte mentiras nun pleno, acusando de non sei que comisións, cando non sabemos nin que empresa vai coller as obras. É vostede, un auténtico visionario, a parte dun inútil e de un mentireiro. Pero, visionario desde logo, vale? Visionario desde logo. Non sabe que empresas van a optar e xa está falando de comisións. É absolutamente alucinante, vale? E eso, si non llo consinto, vale? En todo caso, queda recollido en acta e se podo facer algo, eu sobre esas acusacións, xa o farei, vale?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Claro que si..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Continúe por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero vostede..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Encenda o micrófono para que quede gravado a súa actuación, a poder ser."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Vostede o que ten que facer é falar cons construtores e eles o porán ao tanto. En todo caso..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Sabe vostede como vai, entonces o tema?Porque eu descoñezo esas historias."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"No, eu simplemente me limito a escoitar o que din."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Desconozco, desconozco ese sistema, non sei."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero vostede saberá, porque parece ser que son expertos, nese tema. Bueno o mellor xa veñen..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Remate, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *" Igual..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Remate."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Igual, xa veñen de outras entidades..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Remate, señor, señor Alfonsín. Remate, por favor."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, pois o que dicía, antes de interrumpirme, o señor alcalde, como ven sendo habitual. Son as obras que non son, que non obedecen, a ningún interés das aldeas nin dos veciños. Esto é, o que se chamaba antes, andar parcheando. Un pouco aquí, un pouco acola... pero non se fan obras que realmente respondan ao interese dos veciños nin das aldeas. Porque ao final, veñen a quedar practicamente igual que estaban.*

Y esto así, desde que fai, desde fai 6, 7 anos, desde que vostedes chegaron o goberno. Sin contar as obras que houbo, as subvencións que houbo que devolver porque non foron capaces de contratalas. Obras que non, obras que executaron mal, sin ter, sin poder xustificalas que houbo que devolver os cartos, etcétera, etcétera, etcétera.

Esto vai pasar, como pasou coa iluminación do campo de fútbol. Que despois, cando falan de iluminación, resulta que ahora, salta a luz. Tremenda, tremenda obra. Pois esto, leva camiño de ser as mismas obras, como as que se fixeron aí, na senda esta de... peonil, na braña"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está, vostede rematando o seu tempo."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Estas son as obras que van facer vostedes."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Está vostede rematando o seu tempo."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Y estas son as*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

obras, cas que seguramente, remataremos esta lexislatura. Porque ao paso que vamos, tendo en conta os plazos, pois seguramente serán, as obras coas que remataremos a lexislatura. Tremendas obras para o concello de Dodro."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias ,señor Alfonsín. Por favor, portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno. Estas son as obras do equipo de goberno que considera que son necesarias, incluír aquí. Nós consideramos que bueno, que igual que estás, hai outras tamén moi importantes e necesarias no Concello, e bueno... é a súa xestión. Non temos moito máis que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si bueno. Eu a partir de agora, o ano... o ano e pico que queda de goberno, pois recomendaríalle ao equipo de goberno que empezara a mirar un pouquiño máis pa riba e non miraran tanto po chan. Parece que na máis que ven asfalto e hormigonado. Por dar un consello, simplemente. Que miraran un pouco máis pa riba.*

Despois... a obra de Bustelo, din vostedes... que se apartaron de outros... que se apartaron cartos de outras inversións que non se puderon facer, porque legalmente non se podían facer. Ben o podían meter tamén no acceso a Bustelo, porque ademais, xa ven que non... tuveron que poñer 4.000 euros, porque non lle chegaban 25 para chegar aos 30. Non sei, ao mellor, puderon encaixar un pouco máis e, en vez de 400 metros, ao mellor puderon facer outros 400 máis, quitando de outro tipo de obras que non eran tan necesarias. Pero bueno, ese é o criterio que teñen vostedes. Nós pensamos que se podía facer un pouco máis en Bustelo, pero bueno.

E outra cousa tamén é, a ver se nos poden decir cando se... cando se poderán empezar as obras. Porque, hai que lembrar que están facéndose obras, creo que aínda do POS de 2023, algunha creo aínda está sin facer. En outros concellos, xa están adxudicadas... as obras de 2025, xa están adxudicadas á empresas que se... Entonces, aquí... se pudera explicar, como vai o tema? Que obras se están facendo? E as do 2024, se se empezou algunha?, ou se se adxudicou algunha? Pois agradeceríamolo"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Por favor"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si, bueno. Nós non estamos nunca, en contra de que se fagan obras, veñan de quen veñan e sexan para onde sexan. É certo que, cando hai que asfaltar, pois normalmente faise por cachos. Que, quen nos dera poder asfaltar todo, non? Pero que o asfalto é necesario, porque son as vías de comunicación coas nosas*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

aldeas. Non sei, por onde pensa, algún dos que acaban de falar, ir ás aldeas. Claro, se non vai... evidentemente.

De todos xeitos, nós en este, en este punto, o BNG non pode... vamos, non... ten expresado aquí, varias veces, peticións e feito...feito algunha proposta, aprobada en pleno que aínda non están cumpridas.

Entón, irá lento, pero tampouco lle vemos traza de que esto que vaia... que vaia a ser algo que se vaia a facer no inmediato, tendo en conta o atraso que levamos, nas adxudicacións das obras.

Polo tanto, pouco máis hai que decir. Non, non estamos en disposición de poder aprobar todas estas propostas, cando temos no tinteiro as propostas que o BNG lle leva feito aquí, ao equipo de goberno e polo tanto, esperamos, a partir de agora que si, esperamos que estas peticións que o BNG leva feito, que as desenvolvan."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Socialista, último turno."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Vamos a ver. Hai aquí un voceiro que estuvo de diputado provincial, durante 2 anos e ao único que iba, é pa levantar a man, pa levantar a man, cando llo dixeran. E para, para, impedir de que Dodro... manifestaba que Dodro... bueno... Dodro si, Dodro o facía mal... todo eso... en contra de Dodro. Hasta lle chamaron a atención, os propios compañeiros, do seu grupo político. Y bueno, alí lévase a defender o interese xeral e non, a falar en contra de Dodro, do goberno de Dodro, do cal el estuvo durante 8 anos. Esas obras grandiosas que facía, non se ven. A non ser, moitas veces, a entradiña a fulanito de tal, a súa propia entrada... aí si, aí si que non era problema. E como lle recordou aquí, un voceiro doutro grupo político, cando... usted ten que ir ás aldeas, non solamente cando sean as eleccións. Usted ten que pasar polas aldeas, non ir... a que non fai falta, unha obra... non sei, unha obra grandísima, non sei. Temos os cartos que son 104.000 euros que é o que o que temos, é o que temos.*

Bueno, recomendaríalle que mirase algo máis por Dodro. Todo... o seu, xa vai ser non, non por sistema. Dígalle aos de Bustelo que non quere a pista de Bustelo. Dígalle aos de Revixós que non pasa... usted pasa por aí e ve o baches que hai. Ou, o pavimentado en formigón, non é aglomerado, de Bexo hasta hasta Chan de Viña... Usted dígalle eso... usted non vai... porque nos manda recado e xa.

E decirlle tamén, ao voceiro da Unidad Veciñal que bueno que si, hai moitas actuacións pendentes y... claro, hai que ir facendo pouco a pouco o que sea. Nós miramos pa riba e miramos pa baixo. Pero é curioso que usted, en moitas das peticións que fai, son todas de mirar pa baixo, tamén. Digo o pavimento, non é por outra cousa. Non vamos ao subsuelo de nada, nin ... Y , nada máis.

Bueno ao do BNG, o do BNG claro, había as súas actuacións , si que realmente, el

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

solicita como outro, como outro voceiro calquera, fala de outras actuacións. Y, creo que xa lle cheguei a entender, facerlle entender que había unha actuación que non se pudo levar acabo, polos problemas de titularidade dos terreos. Hai outras peticións, aproveito xa que no último pleno que se aprobou unha moción, sobre unha actuación, nunha eira en Bexo, nunha eira en Bexo y nos vamos atopar ca misma... co mismo problema, non é de titularidade municipal. Entonces, sin ser titularidade municipal, non se poden realizar actuacións nela, vale?.

E con eso, nada máis. Gracias."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno. Eu quería rematar, antes de pasar á votación deste punto, pois precisamente recordándolle a quen... a algún dos portavoces de aquí que a actuación en Bexo, é unha actuación, a máis... con máis cantidade económica que ten. É unha actuación que pretende, pretendemos, ao ser en hormigón que manteña un tramo da aldea de Bexo, da parte de abaixo da aldea de Bexo, por 41.000 euros que quedaría, practicamente toda a comunicación da parte de abaixo de Bexo, en hormigón, pa moito tempo.*

A rúa das Barreiras en Revixós, é unha actuación que data do 2009, do anterior gobierno bipartito, deste concello que desde o ano 2009, os que gobernaron aquí, non invertiron nin en esa, nin... en poucas en Revixós. Entón, nós, intentamos, efectivamente, repoñer o que non se invirteu. Estamos facendo un esforzo importante e, como moi ben decía o portavoz do Partido Socialista, unha das obras solicitadas polo BNG, evidentemente que intentamos facela, ao BNG cónstalle que hai un proxecto que estuvemos estudianto, tamén creo que lle consta ao de Unidade Veciñal, o tema da señalización de, dos núcleos e de señalización varia no concello que non pudo ser realizado, por titularidade dos terreos, como moi ben explicou Moncho.

Pero a parte, esa cantidade si que foi aumentada na de Bustelo, pasou de 400 a 440 metros. A solución adoptada, porque si que efectivamente, entendemos que eses cartos que iban a ir para aí, se aumentaron en Bustelo, como non podía ser doutra maneira. Ademais, tamén o Concello, pois puxo un pouquiño máis para quedara esa... esa, ese tramo tal que... Bueno, non é que sexa moito, pero bueno, son 400 metros na entrada de Bustelo que pensamos que, que xa é unha obra, que xa é unha obra, que xa é unha obra importante, non?

Bueno, a nós parécenos que con esto, despois do falado... E tamén quería decirlle unha cousa, á portavoz do Partido Popular, nós aceptamos todas as propostas que poida traer vostede aquí, pero aquí. Y emprazámola a que, a que envíe as propostas que queira para o ano que ven para incluílas aquí, nas obras do POS. Porque, nós vivimos aquí y entendemos que todo o que pidamos, vai a ser bo para todos os veciños de Dodro, ou para unha maioría dos veciños de Dodro. Evidentemente, non somos capaces de facelo para todos, de poñer todo en quente, todas as pistas. Porque bueno, non temos cartos pa eso, vostedes sábeno ben, creo que o saben todos aquí. Y que bueno que vamos facendo o que podemos e en función do que podemos. Gustaríame que apoiasen esto, porque

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

me parece que bueno, que... que é practicamente o mellor y que é unha das duas opcións que temos, para... para o concello.

En todo caso, vamos a proceder a votación."

Procédese a continuación á votación

Votacións:
Votos a favor: 5
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 3
1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

Ás 12:35 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro,documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 09:52:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 10:43:00)
Versión imprimible
CVD: WeFm1UkiuOt/HTQNe1fx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/